

OBXECTO

O obxecto deste Certame é promover, incentivar e premiar a actividade creadora nunha das disciplinas plásticas de máis raigame e popularidade na xente nova, a Banda Deseñada, o mesmo tempo favorecer a difusión e publicidade das obras dos autores novos coa posible publicación na revista Búscula e coa celebración dunha exposición temporal neste concello.

SEGUNDA

PARTICIPANTES E TEMA

Poderán presentarse a este Certame calquera autor español ou residente en España que teña máis de 18 anos no momento de entregar o traballo. As obras versaran sobre temática libre.

TERCEIRA

CONDICIÓNNS XERAIS.

Cada autor/a pode presentar tres obras como máximo, que deberán ser non premiadas con anterioridade.

Os textos poden ir en galego ou castelán

A técnica a empregar é libre. O formato pode ser unicamente en A3 ou en A4 con disposición vertical.

Os traballos deben ter catro páxinas como mínimo e dez como máximo.

As obras presentanse en papel ou cartolina sen ningún tipo de marco, bastidor, cristal ou arraglás.

Alternativamente á presentación física, pódese enviar traballos de cómic en formato dixital en arquivo jpeg coa tamaño A4 (2480x3508 px en resolución mínima de 200 ppp) Igualmente poden enviarse tres obras sempre que conxunta ou individualmente enviadas non supere o arquivo adxunto os 10 megas. A orientación pode ser horizontal ou vertical, o número mínimo e máximo de páxinas son 4 e 10 respectivamente ao igual que na versión física.

CUARTA.

PRESENTACIÓN, DOCUMENTACIÓN E PRAZO.

A presentación das obras no certame debe ir acompañada dun sobre pechado onde irá a folla de solicitude que se titula Ficha BD . Este Anexo pódese descargar en www.valadouro.org en documentación, atopar nas oficinas municipais do Concello do Valadouro, por fax a 982 574 303 ou por correo ordinario a:

Nesta folla de solicitude irán os seguintes datos de identificación:

- Título/s da/s obra/s.
- Nome e apelidos do autor.
- Data de nacemento
- Enderezo, teléfono e e-mail(esteste dato opcional)
- Localidade.

Así como unha fotocopia do DNI ou pasaporte.

Na Ficha BD os participantes autorizan a cesión da súa obra para a posible publicación na revista así como na exposición temporal que terá lugar na Casa da Cultura do Concello do Valadouro.

Toda esta documentación xunto coas obras presentadas serán entregadas persoalmente na Secretaría do Concello-Rexistro Xeral- en horario de 9 a 14 horas ata o día 30 de setembro de 2010.

Cando as solicitudes se envíen por correo o participante deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ó órgano de selección con posterioridade á data de finalización do prazo. Transcurridos, non obstante 10 días naturais seguintes á indicada data sen haberse recibido a solicitude esta non será admitida en ningún caso.

Enderezo que figurará nas solicitudes:

IV Certame de BD OMIX VALADOURO
Concello de O Valadouro
R/Feira Nova 1
Ferreira do Valadouro
CP 27770

A data límite de recepción de traballos é o 30 de setembro de 2010.

Na presentación electrónica tamén hai que adxuntar a Ficha BD, despois de cubrila, así como o DNI escaneado, ao correo que se remitirá a bdvaladouro@gmail.com co arquivo adxunto da obra en formato jpeg.

QUINTA

XURADO

O xurado estará integrado por persoas recoñecidas na súa vinculación ao mundo da banda deseñada, Kike Benlloch, David Rubín e Kiko da Silva e o encargado da OMIX. Será presidido polo Concelleiro de Cultura e o secretario será o secretario do Concello ou funcionario en que delegue, con voz pero sen voto. O xurado terá unha reunión na que a Presidente a proposta do mesmo, resolverá a presente convocatoria que se comunicará publicamente nun prazo máximo de dez días naturais dende a resolución.

O xurado tomará a decisión por maioría simple en deliberacións secretas das que se redactará a acta correspondente.

A xuízo do xurado, e segundo a calidade das obras, pode citar algún accésit ou deixar deserto o certame.

SEXTA

PREMIO

O Presidente concederá a proposta do Xurado o seguinte premio:

1º e único 600 €

Os premios obxecto desta convocatoria estarán suxeitos ás retencións correspondentes conforme a lexislación tributaria.

O xurado poderá facer mencións de honra para algunha das obras non premiadas.

SÉTIMA

A presentación das obras no Certame supón o total e íntegro cumprimento das Bases.